

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### **Corrección de erros - Bases específicas para a elaboración da listaxe de contratación laboral temporal de Mecánico-a**

#### ANTECEDENTES

O día 21/05/2018, mediante a R.A. núm. 422/2018, esta Alcaldía aprobou as bases xerais de selección para a elaboración de varias listaxes de contratación temporal para condutores, persoal de limpeza, mecánicas/os e conserxes.

As ditas bases incluían no seu Anexo I, entre outras, as bases específicas da convocatoria para a listaxe de mecánico-a que, no seu punto 3 do apartado "Valoración de méritos" di o seguinte:

*"3) Formación (ata un máximo de 2,50 puntos):*

*a) Titulacións académicas (máximo 1 punto):*

*- Por estar en posesión dun título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles ou equivalente: 1 punto*

*b) Cursos de formación relacionados co posto de traballo e sobre materias relacionadas coa prevención de riscos laborais:*

*1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos*

*2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos*

*3. Máis de 150 horas: 1 punto*

*Puntuación máxima: 1 punto"*

Obsérvase que hai un erro aritmético pois o máximo xeral dos puntos que se poden acadar no apartado de formación é de 2,50 puntos pero a suma dos dous máximos parciais unicamente acada os 2 puntos.

#### FUNDAMENTACIÓN

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas indica que *"Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos."*

No momento de detectar o erro as bases xa están publicadas.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

#### PRIMEIRO

Corrixir a Resolución da Alcaldía núm. 422/2016, de 21/05/2018, como se indica:

#### Onde di:

Este documento electrónico asinado dixitalmente pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

“3) Formación (ata un máximo de 2,50 puntos):

a) Titulacións académicas (máximo 1 punto):

- Por estar en posesión dun título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles ou equivalente: 1 punto

b) Cursos de formación relacionados co posto de traballo e sobre materias relacionadas coa prevención de riscos laborais:

1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
3. Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 1 punto”

Debe dicir:

“3) Formación (ata un máximo de 2,00 puntos):

a) Titulacións académicas (máximo 1 punto):

- Por estar en posesión dun título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles ou equivalente: 1 punto

b) Cursos de formación relacionados co posto de traballo e sobre materias relacionadas coa prevención de riscos laborais:

1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
3. Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 1 punto”

SEGUNDO

Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, así como no seu sitio web e na sede electrónica municipal.

Rianxo, mércores 23 de maio de 2018

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo